

PROTECCIÓN DE DATOS NOS CENTROS EDUCATIVOS

CURSO 2026 / 27



XORNADA DE BENVIDA · DOCENTES DE NOVA INCORPORACIÓN

01

NORMATIVA E RECURSOS

Marco normativo aplicable e Portal Educativo.

NORMATIVA

REGULAMENTO (UE) 2016/679

Do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE.

LOPDGDD

Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

REAL DECRETO 1720/2007

Do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

PORTAL EDUCATIVO

No Portal Educativo atópase información sobre protección de datos de carácter persoal, destacando o Protocolo de protección de datos persoais para centros educativos e modelos a empregar.

LIGAZÓN

<https://www.edu.xunta.gal/portal/protecciondatos>



02

CONCEPTOS BÁSICOS

Dato persoal, tratamento de datos e exemplos no ámbito educativo.

DATO PERSOAL

ARTIGO 4 RGPD

Toda información sobre unha persoa física identificada ou identificable (a persoa interesada).

Persoa física identificable é “toda persoa cuxa identidade poida determinarse, directa ou indirectamente, en particular mediante un identificador”.

POR EXEMPLO

un nome

un número de identificación

datos de localización

un identificador en liña

Ou un ou varios elementos propios da identidade física, fisiolóxica, xenética, psíquica, económica, cultural ou social da devandita persoa.

TRATAMIENTO DE DATOS

Na práctica, calquera actividade na que estean presentes datos de carácter persoal constituirá un tratamento de datos, xa se realice de maneira manual ou automatizada, total ou parcialmente, como:

a recollida

registro

organización

estruturación

conservación

adaptación ou modificación

extracción

consulta

utilización

comunicación por transmisión

difusión ou calquera outra forma de habilitación de acceso

cotexo ou interconexión

limitación

supresión

destrución

EXEMPLOS DE TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

- O1** A recollida de datos do alumnado e dos seus pais ao comezo do curso escolar.
- O2** O mantemento e a actualización do expediente do alumno e a súa transmisión a un novo centro en caso de traslado.
- O3** A captación e gravación de imaxes a través de sistemas de videovixilancia.

03

QUEN RESPONDE

Responsable do tratamento e delegado/a de protección de datos.

DELEGADO/A DE PROTECCIÓN DE DATOS

O RXPD introduciu esta figura, que se configura con funcións de información e asesoramento á persoa responsable do tratamento e ao persoal ao seu servizo en materia de protección de datos, e de supervisión do cumprimento da normativa vixente.

INFORMACIÓN

Á persoa responsable do tratamento e ao persoal ao seu servizo.

ASESORAMENTO

En materia de protección de datos, ante calquera dúbida que xurda.

SUPERVISIÓN

Do cumprimento da normativa vixente, incluíndo a concienciación e formación do persoal que participa nas operacións de tratamento dos datos.

DESIGNACIÓN OBRIGATORIA

ARTIGO 34 LOPDGDD

Establece a obrigatoriedade da designación dun delegado/a de protección de datos no caso de que o tratamento dos datos persoais o leve a cabo unha autoridade ou organismo público e, en todo caso, en:

Os centros docentes que ofrezan ensinanzas en calquera dos niveis establecidos na lexislación reguladora do dereito á educación.

As universidades públicas e privadas.

QUE LLE CORRESPONDE AO CENTRO

As **dúbdas que xurdan** deben trasladarse ao delegado/a de protección de datos (DPD).

Os centros docentes deberán notificar ao DPD **calquera incidencia da que tivesen coñecemento** que puidese afectar aos datos persoais.

Tamén **calquera queixa ou reclamación do alumnado**, as familias ou o propio persoal do centro, a fin de que o DPD valore os feitos e asesore sobre a xestión máis idónea.

CONTACTO CO DELEGADO/A DE PROTECCIÓN DE DATOS

Da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e dos centros docentes dependentes dela.

FORMULARIO ELECTRÓNICO

xunta.gal/delegados-de-proteccion-de-datos

CORREO ELECTRÓNICO

dpd.educacionciencia@xunta.gal

RESPONSABLE DO TRATAMENTO

É a persoa física ou xurídica, autoridade pública, servizo ou outro organismo que, soa ou xunto con outras, determina os fins e os medios de dito tratamento.

NO SISTEMA EDUCATIVO GALEGO

**Secretaría Xeral Técnica da
Consellería de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional**

Respecto dos centros educativos dependentes da Administración educativa, asume as funcións citadas de xeito transversal.

CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS

É esta SXT, e non cada centro, a responsable do tratamento dos datos persoais relativos ao profesorado e persoal non docente, así como dos datos persoais do alumnado e das familias.

CENTROS PRIVADOS, CONCERTADOS OU NON

Será o propio centro o que teña en cada caso a consideración de responsable do dito tratamento.

04

LEXITIMACIÓN E CONSENTIMENTO

A LOE, o consentimento e o tratamento de imaxes de menores.

DISPOSICIÓN ADICIONAL VIXÉSIMO TERCEIRA DA LOE

1

“Os centros docentes poderán solicitar os datos persoais do seu alumnado que sexan necesarios para o exercicio da súa función educativa. Os devanditos datos poderán facer referencia á orixe e ambiente familiar e social, a características ou condicións persoais, ao desenvolvemento e resultados da súa escolarización, así como a aquelas outras circunstancias cuxo coñecemento sexa necesario para a educación e orientación dos alumnos.

2

Os pais ou titores e os propios alumnos deberán colaborar na obtención da información á que fai referencia este artigo. A incorporación dun alumno a un centro docente supoñerá o consentimento para o tratamento dos seus datos e, no seu caso, a cesión de datos procedentes do centro no que estivese escolarizado con anterioridade, nos termos establecidos na lexislación sobre protección de datos. En todo caso, a información á que se refire este apartado será a estritamente necesaria para a función docente e orientadora, non podendo tratarse con fins diferentes do educativo sen consentimento expreso.”

14

ANOS

CAPACIDADE PARA CONSENTIR

Maiores de 14 anos.

Principio de consentimento aplicable ao tratamento de datos e de imaxes no ámbito educativo.

ARTIGO 84 · PROTECCIÓN DOS MENORES NA INTERNET

A utilización ou difusión de imaxes ou información persoal de menores nas redes sociais e servizos da sociedade da información equivalentes que poidan implicar unha intromisión ilexítima nos seus dereitos fundamentais determinará a intervención do Ministerio Fiscal.

O Ministerio Fiscal instará as medidas cautelares e de protección previstas na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor.

ARTIGO 92 · PROTECCIÓN DE DATOS DOS MENORES NA INTERNET

Os centros educativos garantirán a protección do interese superior do menor e os seus dereitos fundamentais, especialmente o dereito á protección de datos persoais, na publicación ou difusión dos seus datos persoais a través de servizos da sociedade da información.

Cando dita publicación ou difusión fóra a ter lugar a través de servizos de redes sociais ou servizos equivalentes deberán contar co consentimento do menor ou os seus representantes legais.

PROTECCIÓN DE DATOS NOS CENTROS EDUCATIVOS

GRAZAS

Para calquera dúbida ou incidencia: dpd.educacionciencia@xunta.gal